



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

15 ABR. 2024 11:07:05

Entrada **21493**

## Sobre o remate das obras de rexeneración da Ría do Burgo conforme á DIA e o mantemento das axudas

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á finalización das obras de rexeneración ambiental da Ría do Burgo e ao mantemento das compensacións aos mariscadores e mariscadoras até a total recuperación da capacidade produtiva.**

As actuacións de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo finalizarán completamente o vindeiro 26 de abril, momento no que se procederá a sementar o marisco coas catro especies de bivalvos propias deste espazo (berberecho e tres variedades de ameixa).

Con todo, será necesario esperar un período de entre 18 e 24 meses para que se restaure a capacidade produtiva da Ría do Burgo e as persoas traballadoras no marisqueo poidan volver vivir do seu traballo. a actividade marisqueira, agora interrompida polas obras de dragaxe.

Estamos a asistir ao peche dun ciclo de reclamación e defensa social da rexeneración da Ría do Burgo de máis de dúas décadas nunha carreira de fondo que por fin conclúe como un éxito colectivo, social e medioambiental. Mais, custa entender como aínda neste momento volven ameazar novas sombras sobre a Ría do Burgo e máis sobre quen a traballa.

En primeiro lugar, os mariscadores acaban de presentar un informe en que dan conta de que, vulnerando o Estudo de Impacto Ambiental, as obras de dragaxe eliminaron o 40 % do banco marisqueiro do Carniceiro, un dos máis

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

15 ABR. 2024 11:07:05

Entrada **21493**



ricos, o que supón unha grave alteración para o hábitat da ría e para a posterior produción marisqueira, da que procederán a dar conta perante a Unión Europea, entidade emisora dos fondos para a dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo.

Así mesmo, dun total de 30 subzonas de produción, observouse que 27 delas sufriron algún tipo de afectación como resultado das obras de dragado. Especificamente, todas as subzonas destinadas ao marisqueo á flote, ao igual que 22 dos 25 bancos de marisqueo a pé. Esta extensa afectación pon de relevo a significativa influencia que as obras de dragado tiveron na actividade marisqueira local así como a importancia de proporcionar o apoio necesario aos mariscadores afectados. A actual afectación detectada nos distintos bancos supuxo a modificación da súa superficie e tamén a desaparición de parte da superficie produtiva nalgunhas áreas.

Ademais, non se están a dar as condicións, por parte do titular da obra, que garantan unha boa semente das catro especies de marisco, o que levou a Xunta a denegar a autorización.

E, finalmente, as administracións non están a dialogar para negociar a continuidade da protección económica das traballadoras e traballadores da Ría do Burgo como medida compensatoria mentres non poidan volver vivir do seu traballo nesta.

En todo caso, o proxecto de dragado ambiental establece claramente que a duración total da paralización da actividade marisqueira inclúe o período dende a finalización das obras ata que os bivalvos sementados alcancen a talla comercial. Este período de recuperación estímase nun rango de 18 a 24 meses. Durante este tempo, os mariscadores non poderán levar a cabo a súa actividade comercial habitual extraendo marisco da ría. Con todo, as e os traballadores continuarán realizando operacións esenciais de mantemento e vixilancia dos bancos marisqueiros, como se contempla nos plans de xestión marisqueira e que é fundamental para garantir a recuperación da ría e a futura sustentabilidade da actividade marisqueira na zona.



Por todo iso, os mariscadores reclaman ao Ministerio e á Xunta entendemento e colaboración para, mediante un novo convenio, manter as compensacións económicas aos mariscadores desde que se realice a semente de bivalvos até que estes alcancen o tamaño comercial regulamentario para poder extraelos e a confraría poida retomar a súa actividade, isto é, entre 18 e 24 meses.

Neste momento, urxe, pois, clarificar a correcta entrega das obras, así como supervisar o completo e adecuado proceso de semente das especies e garantir un novo convenio con compensacións económicas para os mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo mentres non volva ser produtiva.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Negociará o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico de boa fe coa Confraría e a Xunta de Galiza para chegar a un acordo que permita a continuidade das compensacións económicas establecidas na actualidade para o sector marisqueiro da Ría do Burgo até a recuperación íntegra da capacidade produtiva tras a semente do marisco nos bancos cando terminen as obras de rexeneración, un tempo que a propia Declaración de Impacto Ambiental indica entre 18 e 24 meses, tempo durante o cal o marisco non adquiriría talla legal para a súa comercialización?
2. Ten analizado o Ministerio para a Transición Ecolóxica o cumprimento do proxecto de obra, atendendo ao Estudo de Impacto Ambiental?
3. Coñece o contido do informe, elaborado polos mariscadores e o biólogo da Xunta, que confirma a eliminación do 40% do banco marisqueiro do Carniceiro e afectacións noutros bancos da ría?
4. Avaliará o Ministerio as posibles consecuencias que desta afectación se deriven?



5. Subsanaará o Ministerio para a Transición Ecolóxica as afectacións e consecuencias negativas derivadas da vulneración da Declaración de Impacto Ambiental para así poder iniciar os labores de sementeira co permiso da Xunta de Galiza?

Madrid, a 12 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la finalización de las obras de regeneración ambiental de la Ría do Burgo y al mantenimiento de las compensaciones a los mariscadores y mariscadoras hasta la total recuperación de la capacidad productiva.**

Las actuaciones de dragado y regeneración de la Ría do Burgo finalizarán completamente el próximo 26 de abril, momento en el que se procederá a sembrar el marisco con las cuatro especies de bivalvos propias de este espacio (berberecho y tres variedades de almeja).

Con todo, será necesario esperar un período de entre 18 y 24 meses para que se restaure la capacidad productiva de la Ría do Burgo y que las personas trabajadoras en el marisqueo puedan volver a vivir de su trabajo, de la actividad marisquera, ahora interrumpida por las obras de dragado.

Estamos asistiendo al cierre de un ciclo de reclamación y defensa social de la regeneración de la Ría do Burgo de más de dos décadas en una carrera de fondo que por fin concluye como un éxito colectivo, social y medioambiental. Pero, cuesta entender como aún en este momento vuelven a amenazar nuevas sombras sobre la Ría do Burgo y sobre quien la trabaja.

En primer lugar, los mariscadores acaban de presentar un informe en que dan cuenta de que, vulnerando el Estudio de Impacto Ambiental, las obras de dragado eliminaron el 40 % del banco marisquero de O Carniceiro, uno de los más ricos, lo que supone una grave alteración para el hábitat de la ría y para la posterior producción marisquera, de la que procederán a dar cuenta ante la



Unión Europea, entidad emisora de los fondos para el dragado y regeneración de la Ría do Burgo.

Asimismo, de un total de 30 subzonas de producción, se observó que 27 de ellas sufrieron algún tipo de afectación como resultado de las obras de dragado. Específicamente, todas las subzonas destinadas al marisqueo a flote, al igual que 22 de los 25 bancos de marisqueo a pie. Esta extensa afectación pone de relieve la significativa influencia que las obras de dragado tuvieron en la actividad marisquera local así como la importancia de proporcionar el apoyo necesario a los mariscadores afectados. La actual afectación detectada en los distintos bancos supuso la modificación de su superficie y también la desaparición de parte de la superficie productiva en algunas áreas.

Además, no se están dando las condiciones, por parte del titular de la obra, que garanticen una buena siembra de las cuatro especies de marisco, lo que llevó la Xunta a denegar la autorización.

Y, finalmente, las administraciones no están dialogando para negociar la continuidad de la protección económica de las trabajadoras y trabajadores de la Ría do Burgo como medida compensatoria mientras no puedan volver a vivir de su trabajo en esta.

En todo caso, el proyecto de dragado ambiental establece claramente que la duración total de la paralización de la actividad marisquera incluye el período desde la finalización de las obras hasta que los bivalvos sembrados alcancen la talla comercial. Este período de recuperación se estima en un rango de 18 a 24 meses. Durante este tiempo, los mariscadores no podrán llevar a cabo su actividad comercial habitual extrayendo marisco de la ría. Con todo, las y los trabajadores continuarán realizando operaciones esenciales de mantenimiento y vigilancia de los bancos marisqueros, como se contempla en los planes de gestión marisquera y que es fundamental para garantizar la recuperación de la ría y la futura sostenibilidad de la actividad marisquera en la zona.

Por todo ello, los mariscadores reclaman al Ministerio y a la Xunta entendimiento y colaboración para, mediante uno nuevo convenio, mantener las compensaciones económicas a los mariscadores desde que se realice la



semilla de bivalvos hasta que estos alcancen el tamaño comercial reglamentario para poder extraerlos y la cofradía pueda retomar su actividad, esto es, entre 18 y 24 meses.

En este momento, urge, pues, clarificar la correcta entrega de las obras, así como supervisar el completo y adecuado proceso de siembra de las especies y garantizar un nuevo convenio con compensaciones económicas para los mariscadores y mariscadoras de la Ría do Burgo mientras no vuelva a ser productiva

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Negociará el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico de buena fe con la Confraría y la Xunta de Galiza para llegar a un acuerdo que permita la continuidad de las compensaciones económicas establecidas en la actualidad para el sector marisquero de la Ría do Burgo hasta la recuperación íntegra de la capacidad productiva tras la siembra del marisco en los bancos cuando terminen las obras de regeneración, un tiempo que la propia Declaración de Impacto Ambiental indica entre 18 y 24 meses, tiempo durante el cual el marisco no adquiriría talla legal para su comercialización?
2. ¿Ha analizado el Ministerio para la Transición Ecológica el cumplimiento del proyecto de obra, atendiendo al Estudio de Impacto Ambiental?
3. ¿Conoce el contenido del informe elaborado por los mariscadores y el biólogo de la Xunta, que confirma la eliminación del 40% del banco marisquero de O Carniceiro y afectaciones en otros bancos de la ría?
4. ¿Evaluará el Ministerio las posibles consecuencias que de esta afectación se deriven?



5. ¿Subsanará el Ministerio para la Transición Ecológica las afectaciones y consecuencias negativas derivadas de la vulneración de la Declaración de Impacto Ambiental para así poder iniciar las labores de siembra con el permiso de la Xunta de Galiza?

Madrid, a 12 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**